

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O 22 DE MAIO DE 2007.

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as doce horas do día vintedous de maio do ano dous mil sete, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Luis Alonso Riego e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Ignacio Saa González.
D. José Vicente Ferreira.
D. José Luís Lomba Álvarez.
D. Manuel Alberto Franco Peixoto.
D. Luís Rodríguez Díaz.
D. Celso Juan Rodríguez Fariñas.
Dna. Isabel Lidia González Alonso.
D. Jose Manuel Domínguez Freitas.
D. Paulino Rodríguez González.
D^a Carmen M^a Castro González.
D^a. M^a Monserrat Magallanes Álvarez.
D. José Bernardo Cadilla Lomba.
D. Antonio Lomba Baz.
D. Xan Lois Lomba Alonso.

Non asisten:

Dona Teresa de Jesús Cadilla González.
D. Miguel Angel Español Otero.

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M^a Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO PRIMEIRO.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL 2/2007.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

É obxecto da presente proposta o recoñecemento de cantidades adebedadas por este Concello por prestacións realizadas en exercicios orzamentarios anteriores ó actual que son de obrigado cumprimento

para esta Administración, segundo relación de gastos que se achega ó expediente.

Polo anteriormente exposto,

PROPOÑO O PLENO DESTE CONCELLO:

1.- A aprobación do recoñecemento de créditos por importe de TRINTA E DOUS MIL DOUSCENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON DOCE CÉNTIMOS (32.296,12 €) para a súa imputación ás partidas correspondentes do Orzamento prorrogado do ano 2006 para o 2007.

En A Guarda, a 14 de Maio de 2007.

O Alcalde

Asdo: José Luis Alonso Riego”

Intervén o señor Lomba Alonso e di que, sen entrar a analizar tódolos puntos que hai neste recoñecemento, quere facilitar a súa aprobación, houbo unha falta de sensibilidade, fálase de extravío de facturas, o que denota o caos no que está sumido o Concello, se ben debe pagarse ós que se lles debe, e sen estar de acordo coa xestión levada a cabo, quere facilitar o recoñecemento.

O señor Rodríguez Fariñas di que o apoiarán.

A señora Magallanez Álvarez di que se presenta aquí outro recoñecemento que amosa a forma de traballar do equipo de goberno neste anos, hai facturas non pagadas, outras sen crédito, outras extraviadas e outras do ano 2006 presentadas no ano 2007. Di que os particulares non deben sufrir as consecuencias da nefasta xestión do equipo de goberno.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Alonso Riego, Saa González, Vicente Ferreira, Lomba Álvarez, Franco Peixoto, Rodríguez Díaz, Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Lomba Baz, Cadilla Lomba, Castro González, Rodríguez González, Rodríguez Fariñas e González Alonso. (catorce votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Lomba Alonso (unha abstención)

PUNTO SEGUNDO.- ACORDOS A TOMAR NO PLENO, EN RELACIÓN COA POSIBLE CONCESIÓN POR PARTE DA CAIXA DE ANTICIPOS DE COOPERACIÓN, DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, DE ANTICIPOS REINTEGRABLES A LONGO PRAZO.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta, en relación coa solicitude de préstamo á Caixa Xeral de Anticipos de Cooperación:

” 1.- O Concello de A Guarda obrígase a consignar nos seus orzamentos ordinarios, ata a total extinción do anticipo, cantidade bastante para responder do pago da cota anual de amortización e intereses legais correspondente.

2.- O Concello de A Guarda faculta expresamente á Caixa de Anticipos de Cooperación e á Deputación Provincial a reter e compensar as débedas do Concello de A Guarda coa Caixa de Anticipos con calquera cantidade que o Concello deba percibir da Deputación ou de calquera dos seus organismo autónomos por calquera concepto, xa se trate de subvención ou transferencia corrente ou de capital”.

O señor Alcalde aclara que se este acordo é como consecuencia dos acordos do pavillón e dos depósitos tratados no Pleno anterior.

Intervén o señor Lomba Alonso e di que xa se falou na Comisión de Asuntos Económicos e no Pleno anterior, se trata dunha forma de facilitar un crédito máis económico, polo que o van apoiar.

O señor Rodríguez Fariñas di que o apoiarán.

A señora Magallanes Álvarez di que votarán a favor, aínda que queren saber se xa se sabe se a Deputación concede o total ou unha parte da contía, contestando o señor Alcalde que hoxe, ó longo da mañán o saberán de forma oficial.

A señora Magallanes Álvarez roga ser informados.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: Sres/as. Alonso Riego, Saa González, Vicente Ferreira, Lomba Álvarez, Franco Peixoto, Rodríguez Díaz, Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Lomba Baz, Cadilla Lomba, Castro González, Rodríguez González, Rodríguez Fariñas, González Alonso e Lomba Alonso (quinze votos a favor).

PUNTO TERCEIRO.- PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO E INCORPORACIÓN O P.X.O.U. PRESENTADA POR VALERY KARPIN, S.L., NA PARCELA DO COLEXIO DOS XESUÍTAS.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

VISTA a proposta de convenio urbanístico de planeamento presentada por don José Francisco Crespo Barrio, en representación de VALERY KARPIN, S.L, con data 27 de abril de 2007 (RE 2923),

rectificada en data 3 de maio de 2007 (RE 3031) considerando a mesma de gran interese para no Concello de A Guarda, emitidos os informes correspondentes e sometido á Comisión de Urbanismo

Propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Suscripción inicial do Convenio Urbanístico de planeamento presentada por VALERY KARPIN, S.L.

2.- Incorporación do Convenio Urbanístico de planeamento presentada por VALERY KARPIN, S.L. e dos anexos que o acompañan na documentación do PXOU, para a súa tramitación.

3.- Facultar o señor Alcalde para a sinatura dos documentos.

En A Guarda, a 16 de maio de 2007.

O ALCALDE

Asdo. José Luis Alonso Riego”

Intervén o señor Lomba Alonso para explicar os motivos polos que consideran que non se debe levar a cabo esta proposta: en canto á idoneidade da data, estando ás portas das eleccións municipais, non debe asinarse o Convenio a cinco días dun cambio de boa parte da actual Corporación, pois consideran que debe ser a nova Corporación que decida. Teñen serias dúbidas sobre a legalidade do Convenio, pois o informe técnico di que os terreos están catalogados como rústicos de protección ordinaria, e se lle quere dar á parcela A a categoría de solo urbano consolidado. Di que o artigo 95.1 da Lei do Solo de Galicia o impide a conversión directa de solo rústico na clase de solo urbano, como moito debería ser un solo urbano non consolidado, pois o artigo 12 da Lei do Solo de Galicia di que “ aqueles terreos que o planeamento urbanístico preveña unha ordenación substancialmente diferente da realmente existente serán catalogados como Solo Urbano non Consolidado”, e engade que cre que o paso dun terreo de uso escolar a uso residencial é un cambio substancialmente diferente. Sinala que no avance do PXOU se dividía esta parcela en dúas categorías, consolidado e non consolidado, e o propio equipo redactor non o ten claro, e é bastante menos beneficioso para o Concello. Di que a edificabilidade é incluso menor que a do propio Concello. En canto ó APR 34, este PERI ten agora a categoría de rústico de protección ordinaria, e remítese ó establecido no artigo 95 da Lei do Solo. En canto á catalogación da edificabilidade, segundo o proxecto de novo PXOU, é a segunda maior de todas, moi superior á media de edificabilidade, e se pasamos a metros a edificabilidade do Convenio e a que eles consideran que debe ter, a diferenza a favor do Convenio, e supón un incremento do beneficio final de preto de 9 millóns de euros. Sinala que hai un agravio comparativo a dous niveis: unha recalificación beneficiosa para a empresa e de dubidosa legalidade, e unha edificabilidade superior á media do Concello, polo que os beneficios para o Concello se dilúen, sendo posible unha nova negociación cun beneficio máis equilibrado. Consideran que ante as dúbidas, o oportuno é deixalo sobre a mesa e envialo á Dirección Xeral de Urbanismo, para que informe sobre a súa

legalidade, e adoptar o acordo os novos partidos que saian das urnas. Di que esta Corporación está para defender o interese xerla, cun urbanismo axeitado, preservando os espazos naturais e os recursos deste pobo, e non para defender a grandes promotoras. Pregunta por que non se avanzou no PXOU e hai tanta presa para aprobar este Convenio, pregunta por que hai tanta presa.

Intervén o señor Rodríguez Fariñas e di que comparten bastantes criterios co BNG, pero a única satisfacción é que o Convenio non é vinculante e pode ser modificado pola próxima Corporación. Non entenden que outros temas de menor entidade quedaron sobre a mesa, e isto non. Di que son partidarios da recuperación do Colexio, pero observan que a superficie que sinala o Convenio é de 61.000 metros cadrados, e medindo os planos da 57.000 metros cadrados. Di que non lle coinciden a superficie edificable de 39.600 metro cadrados, cando de aplicar a superficie real que aparece no avance do PXOU, a superficie edificable ten arredor de 35.000 metros cadrados. Non entenden por que se aplica o 0,65 da edificabilidade, non é beneficioso para o pobo, quizás con algunhas modificacións sí. Di que non é o momento axeitado, e insiste en que non é vinculante. Votarán en contra.

Intervén o señor Domínguez Freitas e recorda que en decembro do ano pasado o GMS requiriu que o Concello solicitase dous informes en relación co Convenio: un de carácter económico e outro xurídico, e aquilo foi subscrito pola Corporación. Di que era a primeira vez que un promotor ofrecía unha oferta económica. Dese informe xurídico, da lectura a un apartado que di “ *la documentación relativa al Plan General en tramitación que se ha puesto a nuestra disposición evidencia, a nuestro parecer, que los terrenos objeto de Convenio cuentan con las condiciones objetivas fijadas en el artículo 11 de la LOUGA, para ser considerados como suelos urbanos, incluída su integración en la malla urbana, si bien solo la parcela A puede considerarse como suelo urbano consolidado*”. Di que o avance do PXOU redactado por Consultora Galega cataloga inicialmente eses terreos dunha determinada maneira. Do informe económico se deducía que as condicións económicas podían mellorar substancialmente, e o GMS quixo e tivo encontros coa promotora, e así o dixeron na prensa. Froito deses traballos lograron lograron condicións mellores, sen chegar ó sinalado no informe económico. Na última reunión estivo o GMS e o PP, non sabe se os outros grupos tiveron reunións. Votarán a favor, porque consideran que é bó para o pobo. En canto á idoneidade no tempo, deberá responder o señor Alcalde, eles o votarian igual noutro momento tamén. Sinala que isto é o inicio, se o PXOU non chega a termo, este Convenio non chega a nada, do mesmo modo que se unha institución de rango superior o considera non axustado as normas, non seguerá adiante. Finalmente, dirixese ó señor Lomba Alonso e di que o artigo 95 que el sinala cre que é de aplicación ás modificacións dos plans, e aquí se fala de elaborar un novo plan.

Intervén o señor Alcalde e di que o PP vai apoiar este Convenio, refrendado por asesoramento importante. Di que este é o primeiro paso, despois levará a tramitación que teña que levar. Non está de acordo co BNG,

esta Corporación non está en funcións, isto hai que levalo a bo termo, pois o tren pasa unha vez. A negociación foi dura, e conta con tódalas garantías, e resalta que non se van poñer de acordo co BNG.

Intervén o señor Lomba Alonso e di que eles son políticos, se lle dixo que habería unha reunión de fronte común con todos os partidos políticos. Di que os políticos deberán decidir qué se vai facer con esa zona. Eles pediron unha valoración económica de acordo cos baremos que eles manexaban, e se lles negou. Di que se está dando edificabilidade maior que noutros sitios. Di que os redactores da propia empresa recoñeceron que a edificabilidade podería ser un pouco alta. En canto ó artigo 95 da LOUGA, é certo que fala de modificacións, pero qué maior modificación dun plan hai que facer un novo plan. Di que en aras de ter “manga ancha” se deixa facer a esa persoas o que queren, e hai que ver cómo se dirixían ós políticos nas reunións. Aínda que fora perfectamente legal, os políticos deben reunirse, pode facerse unha mellor negociación, o Alcalde non fixo piña cos restantes grupos políticos para lograr o beneficio do pobo. Se hai dúbidas, pide deixalo sobre a mesa.

Intervén o señor Rodríguez Fariñas, que quere deixar claro que o Convenio non é nin a sombra do inicial proxecto, que era mías sensible e axeitado con A Guarda. Tamén fai referencia ó novo PXOU, que está paralizado, con incumprimento dos prazos fixados, e sen que se tomaran medidas coa empresa redactora. Di que se a edificabilidade das parcelas fose repercutida na inversión, pode ser discutible, pero algún outro alcance non. Ninguén se opón á rehabilitación do Colexio, pero non se comparten os criterios, aínda quedaba moito que discutir cos promotores. Votarán en contra porque non é beneficioso para A Guarda, e di que se o Convenio non vai adiante, hai sanción. Non están de acordo co PXOU conxelado que se está elaborando, darán explicacións ós veciños, non cren que se perda o tren porque espere quince días.

Intervén o señor Domínguez Freitas e di que espera tamén que Consultora Galega lles dea ese informe sobre o 0,65 %. Di que falra de que algunha forza política “guisou ou deixou de guisar”, no señor Lomba Alonso pode entendela, pero no caso do señor Rodríguez Fariñas non, pois cando anda de intermediario na venta do campo de fútbol, non pode pensar que os demais o fan tamén, eles o fixeron con luz e taquígrafos. Eles aceptan os informes económicos, están a favor da restauración do Colexio, é unha boa oportunidade. Non sabe se o señor Rodríguez Fariñas era partícipe da adquisición do campo de fútbol por 0 pesetas, e xa que iso non era posible, isto tampouco. Cando hai que negociar hai que aproximar posturas,

O señor Alcalde di que están de acordo cos informes dos expertos, que o son, e non os que fan as persoas que non son profesionais e son papel mollado. Isto é o primeiro filtro, irá á Xunta e a tódolos organismos a que deba ir. Hai persoas que dende o principio de opuxeron.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Alonso Riego, Saa González, Vicente Ferreira, Lomba Álvarez, Franco Peixoto, Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Lomba Baz, Cadilla Lomba, Castro González, e Rodríguez González. (once votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Rodríguez Fariñas, González Alonso e Lomba Alonso (tres votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Rodríguez Díaz (unha abstención)

PUNTO CUARTO.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO P.E.R.I. Nº. 5.

(Sae a señora González Alonso, 12:50 horas)

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

(Regresa a señora González Alonso, 12:51 horas)

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

- 1.-Aprobado inicialmente a modificación do PERI -5 por Decreto de Alcaldía 0007/2007 de 2 de xaneiro.**
- 2.- Sometido a exposición pública e presentadas as alegacións polos interesados.**
- 3.- Emitidos os informes técnicos correspondentes.**
- 4.- Sometida a Comisión de Urbanismo.**

PROPOÑO O PLENO:

- 1.- Resolución das reclamacións conforme dos informes emitidos e aprobación definitiva da modificación do PERI - 5, para proceder á publicación correspondente para a súa entrada en vigor.**
- 2.- Notificar a presente resolución ós interesados no expediente.**

En A Guarda, a 16 de maio de 2007

**O Alcalde
Asdo. José Luis Alonso Riego”**

Intervén o señor Lomba Alonso e di que xa denunciaron a utilización que se fixo do campo de fútbol, non van votar a favor, consideran que hai que centralizar as zonas verdes na finca de Fínola, como unha extensión da

Alameda. O debuxo é o mesmo que o anterior, e a eles non lles gusta, é unha decisión política. Non é axeitado, tendo en conta a tramitación do novo PXOU. Esta área de reparto non está ordenada en beneficio dos veciños.

Intervén o señor Rodríguez Fariñas e di que seguen estando en contra, hai quen confunde que eles considerasen que a separación de parcelas era mellor, o número de aparcamentos era mellorado. Di que se a nova Lei do Litoral está xa en vigor, quere saber se lle afecta, pois pensa que opde ser así, e pregunta en que espacio está o 20% de Vivendas de Protección Pública, e se está xustificada a edificabilidade, así como se o ámbito do PERI reflexa a realidade desa zona. En canto ó “custe 0” ó que se referiu o señor Domínguez Freitas, di que non houbo ningún tipo de intermediación. Cre que esta Corporación no día de hoxe vai dar pe a un procedemento xurídico complicado, cos interesados pleiteando, e que debería haberse logrado con negociación.

O señor Domínguez Freitas di que eles tiñan un debuxo ideal para ese ámbito, coa finca de Fínola como espazo verde de continuidade da Alameda. Cren que o proxecto que se presente da resposta á pretensión que eles tiñan. En canto á dúbida sobre os aparcamentos, todos pensaban que ese era un bó ámbito para ubicalo. Seguen pensándoo, será mellor facelo conxuntamente coas obras que se tiñan que facer. Instan á nova Corporación a que consiga aparcamentos.

O señor Alcalde di que cunha edificabilidade de 1,35 neste momento pasou ó 0,85, perdeu un 0,50 de edificabilidade.

O señor Rodríguez Fariñas dille ó señor Alcalde que revise os números.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Alonso Riego, Saa González, Lomba Álvarez e Franco Peixoto. (catro votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Rodríguez Fariñas, González Alonso e Lomba Alonso (tres votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Vicente Ferreira, Rodríguez Díaz, Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Lomba Baz, Cadilla Lomba, Castro González, e Rodríguez González (oito abstencións).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e cinco minutos o Sr. Presidente levanta a sesión , de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Vº e Pr.

A Secretaria

O Alcalde-Presidente

Jose Luis Alonso Riego

Julia Mª Carrasco Glez-Alegre

